

**BATERÍA DE PREGUNTAS EN RELACIÓN AO PROCESO SELECTIVO POR CONCURSO OPOSICIÓN DA PRAZA DE CONSERXE, PERSOAL LABORAL FIJO, INCLUÍDA NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022 DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.**

A presente batería de preguntas comprende un total de 50 preguntas das que se extraerán as 20 que conformarán o exame da fase de oposición da praza de conserxe, en aplicación do previsto na base undécima da convocatoria ( BOP nº 243 do 26.12.2023).

**1. Os Tenentes de Alcalde substitúen ao Alcalde:**

- a) Por sorteo
- b) Por decisión entre eles
- c) Pola orde do seu nomeamento

**2. A lei que regula a protección de datos de carácter persoal es:**

- a) A Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- b) A Lei Orgánica 3/1978 de 5 de decembro, de datos persoais
- c) A Lei Orgánica 5/2000 de 5 de xaneiro, de datos persoais

**3. Tal e como indica a Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo en a solicitude de acceso á información pública a persoa solicitante debe motivar a solicitude:**

- a) Non
- b) Si
- c) Depende de cada caso

**4. Conforme á normativa de procedemento administrativo os sábados:**

- a) Son hábiles
- b) Non son hábiles
- c) Depende de cada comunidade autónoma

**5. As solicitudes telemáticas serán presentadas:**

- a) De luns a venres de 9 a 14 horas
- b) De luns a domingo de 9 a 14 horas
- c) As 24 horas do día os 365 días do ano

**6. A norma institucional básica da CCAA de Galicia é:**

- a) O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981 de 6 de abril
- b) O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei Xeral 1/1978 de 6 de abril
- c) O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei Estatal 65/1979 de 5 de maio

**7. Son idiomas oficiais en Galicia:**

- a) O galego e o castelán
- b) Soamente o galego
- c) Soamente o castelán

**8. Tal e como indica a Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de transparencia e bo governo, o dereito de acceso á información publica poderá ser limitado ou denegado:**

- a) Unicamente nos supostos previstos na normativa básica
- b) Cando o decida a administración a la que se dirixe a solicitude
- c) Cando o decida o funcionario/a á quen se dirixe a solicitude

**9. Tal y como indica a Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de transparencia e bo governo, a Resolución na que se conceda ou denegue o acceso á información pública deberá:**


- a) Notificarse á persoa solicitante e terceiros afectados
- b) Notificarse unicamente á persoa solicitante
- c) Deberá publicarse para xeral coñecemento

**10. Tal e como indica a Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de transparencia e bo governo, contra a Resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información publica podrá interpoñerse reclamación:**

- a) Ante o Valedor do Pobo
- b) Ante o alcalde
- c) Non admite reclamación

**11. A efectos de protección de datos se entende que o consentimento do menor de idade require o mínimo de:**

- a) 14 anos

- 
- b) 12 anos
  - c) 16 anos

**12. A efectos de cómputo de prazos cando os prazos se expresen por días:**

- 
- a) Se contan desde o día seguinte á notificación
  - b) Se contan desde o mesmo día da notificación
  - c) Ningunha das anteriores é correcta


**13. Son días hábiles:**

- 
- a) Os 365 días do ano
  - b) Os que non son festivos ni sábados
  - c) Os que decida cada concello

**14. Relacionarse electrónicamente ca Administración, para as persoas físicas,**

- a) É un derecho
- b) É unha obriga
- c) É opcional

**15. Salvo que a lei dispoña outra cosa o computo de días se entende:**

- 
- a) Por días hábiles
  - b) É indistinto
  - c) Por días naturais

**16. Se o ultimo día de un prazo coincide con inhábil :**

- 
- a) Se entende prorrogado hasta o primeiro dia hábil seguinte
  - b) Finaliza en todo caso
  - c) Se adianta ao primeiro dia hábil anterior

**17. O mantemento que se realiza como consecuencia dunha falla ou avería corresponde ó:**

- 
- a) Mantemento correctivo
  - b) Mantemento preventivo
  - c) Mantemento selectivo

**18. ¿Cal e o nome do instrumento empregado para medir a presión dun fluído ou gas no interior dun circuito?**

- a) Potenciómetro
- b) Oxímetro
- c) Manómetro

**19. Os produtos que están nun almacén en situación de espera para ser utilizados, denominanse:**

- a) Inventarios
- b) Embalaxes
- c) Existencias

**20. ¿Cal é o documento xustificativo da entrega, no que se detallan as mercancías que saen do almacén dun vendedor para ser entregadas a un comprador?:**

- a) Albarán
- b) Factura
- c) Ficha de almacén

**21. ¿Que é unha electroválvula?:**

- a) É un dispositivo que limita a presión dun circuito
- b) Un dispositivo para controlar a temperatura dun circuito
- c) É un dispositivo de control do fluxo dun fluido a través dun conduto ou tubaxe

**22. ¿Que son as válvulas termostáticas?:**

- a) Un sensor de temperatura, é dicir, unha resistencia variable en función da temperatura interna
- b) Permiten controlar a temperatura de entrada ao emisor en función da temperatura ambiente, permitindo o paso de más ou menos agua quente
- c) Informan da temperatura ambiente para que a caldeira actúe como reguladora de caudal quente

**23. ¿Cal das seguintes tuberías está prohibida para conducción de auga?:**

- a) Polibutileno
- b) PVC
- c) Plomo

**24. En fontanería para permitir o illamento dunha sección de condución en caso de necesidade de reparación desta, utilizaremos**

- a) Un manguito
- b) Unha T
- c) Unha chave de paso

**25. ¿Que significan as siglas ACS?:**

- a) Control de aire sanitario
- b) Auga quente sanitario
- c) Auga de consumo sanitario

**26. Unha bisagra está formada por dúas chapas metálicas denominadas:**

- a) Ás
- b) Capas
- c) Pestanas

**27. A roupa de traballo:**

- a) É un Equipo de Protección individual de categoría I
- b) Será considerado Equipo de Protección Individual cando protexa dalgún risco
- c) Debe ir co nome da empresa

**28. En relación á manipulación de cargas , con carácter xeral, o peso máximo que se recomenda non exceder é de:**

- a) 20 quilos
- b) 15 quilos
- c) 25 quilos

**29. Na rede de desaugadoiros utilizanse normalmente canos de:**

- a) Aceiro
- b) Cobre
- c) Plástico PVC

**30.¿Cal das seguintes non é un tipo de pintura?:**

- a) Pintura ao silicato
- b) Pintura baixeira
- d) Pintura plástica

**31. ¿Que es un parafuso?:**

- a) É unha peza articulada de metal sita nas portas exteriores das casas que serve para chamar aos seus ocupantes por medio de golpes na porta
- b) É un tipo de ferraxe articulado que gracias ao seu sistema de xiro, permite a apertura e peche de portas
- c) É un tipo de pasador, normalmente metálico, que serve para asegurar o peche de portas e ventás

**32. Ao finalizar a xornada de traballo, o conserxe encargado de pechar a porta:**

- a) Comprobará que todas as portas están pechadas
- b) Asegurarase que non queda no centro ningunha persoa
- c) Todas as respuestas son correctas

**33. Para evitar o retroceso do fluxo líquido nunha tubería utilizarase:**

- a) Unha válvula de seccionamento
- b) Unha válvula de seguridad
- c) Unha válvula de retención

**34. A corrente continua é a que imos atopar en:**

- a) Habitualmente en vivendas
- b) Unha pila
- c) Nos pequenos talleres

**35. A cor do cable de toma de terra á:**

- a) Amarelo e verde
- b) Amarelo e azul
- c) Amarelo e rosa

**36. Se se quere encender e apagar un mesmo aparato desde dous puntos utilizarase:**

- a) Un interruptor simple
- b) Un interruptor comutador
- c) Un interruptor neutro

**37. ¿A que parroquia pertence o lugar de Bellalta?**

- a) San Cristobo de Arzón.
- b) Santa Olalla de Liñaio

c) San Martiño de Liñaio

**38. ¿A que parroquia pertence o lugar de Tardeado?**

- a) San Pedro de Xallas.
- b) San Mamed da Pena.
- c) Non pertence ao Concello de Negreira

**39. ¿En que lugar está situado o monólito do trobador “Afonso Eanes”?**

- a) Parque da Avenida das Brañas
- b) Parque do Colexio Público
- c) Parque do Coto

**40. ¿Porqué parroquias transcorre a “Ruta dos 3 pazos”?**

- a) Parroquia de Santa María de Portor, Parroquia de Santa Baia de Logrosa e Parroquia de San Xián de Negreira
- b) Parroquia de San Xián de Negreira, Parroquia de San Eutelo de Logrosa e Parroquia de Ponte Maceira
- c) Parroquia de Ponte Maceira, Parroquia de San Eutelo de Logrosa e Parroquia de Santa Margarita de Negreira

**41. ¿A que parroquia pertence a Capela de San Brais?**

- a) Á parroquia de Santa Baia de Logrosa
- b) Á parroquia de Santa María de Portor
- c) Á parroquia de San Vicente de Aro.

**42. ¿Cantas escolas se ergueron no termo de Negreira denominadas escolas de americanos?**

- a) 5
- b) 6
- c) 4

**43. ¿Cal das seguintes rúas pertence ao concello de Negreira?:**

- a) Rúa Licenciado Pedro Rodríguez
- b) Rúa da Cachurra
- c) Todas son correctas

**44. Cal dos seguintes non é un obxectivo de primeiros auxilios:**

- a) Manter vivo ao accidentado
- b) Aliviar a dor
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**45. Cales son as fases de actuación do “PAS”:**

- a) Protexer, Avisar e Socorrer
- b) Protexer, Atender e Socorrer
- c) Preservar, Avisar e Socorrer

**46. Canto tempo se estima que resiste o cerebro ante unha PCR:**


- a) Entre 3 ou 4 minutos
- b) Entre 5 ou 6 minutos
- c) Entre 4 ou 5 minutos

**47. Cal é a causa más frecuente de obstrución da vía respiratoria superior:**

- a) Atragantamento
- b) Caída da lingua cara atrás
- c) Ambas son correctas

**48. Sinale cal de estas opcións é a incorrecta ante unha hemorragia:**

- a) Compresión directa do punto sanguíneo
- b) Facer un torniquete
- c) Compresión da arteria sobre o oso subxacente

**49. ¿Cal sería a actuación correcta no caso de ter corpos estranhos nos ollos?:**

- a) Lavarse as mans
- b) Frotar o ollo.
- c) a) e b) son correctas

**50. ¿Quen pode executar una reanimación cardiopulmonar básica (RCPBÁSICA)?:**

- a) Só persoal sanitario
- b) Calquera persoa adestrada con axuda de dispositivos especiais
- c) Calquera persoa a adestrada sen necesidade de dispositivos especiais